


De novo Lorenzo Varela

Marga Romero amosa neste ensaio sobre Lorenzo Varela, como cabería esperar, a faceta intelectual e humana dun escritor comprometido co seu país, ao tempo que o converte en modelo dun tempo de esperanza e de derrota. A obra vese así como testemuño da individualidade e o compromiso social dos autores que contribuíron a unha verdade “tantas veces oculta e silenciada”.

Con datos rigorosos, a figura de Lorenzo Varela vaise describindo no seo do compromiso militante, primeiro en Galicia e despois no exilio. En Lugo, Marga Romero ofrécenos unha sucesión de vivencias dun tempo de mocidade, participando na fundación das Mocidades Galeguistas, como membro do activismo cultural e educativo das “Misiones Pedagógicas” ou enredado entre a poesía e os papeis de carácter político. Madrid

A traxectoria dun compromiso

 MANUEL ROSALES



mos -
trarásenos
como a etapa de
recensións literarias
que definirán a súa visión

de lector e construtor de poéticas postas ao servizo do pobo, que será determinante na súa traxectoria. Tras a Guerra Civil, forzado ao exilio, primeiro en México e despois en Arxentina, vaise asentando nesa irmandade de adictos á causa republicana na que a arela común do soño formará xa parte de todos os proxectos dunha renacida actividade política.

Vemos, neste tempo, que a actividade intelectual de Lorenzo Varela segue vinculada ao xornalismo.

Marga Romero cita numerosas recensións literarias, artigos e traducións publicadas nestes anos. Pouco despois entrará Lorenzo Varela na literatura galega con *Catro poemas e catro gravados*, revitalizando e dándolle forza á tradición cos vellos mitos, aínda que serán homes doutra época máis recente os que transiten por *Lonxe*, o segundo poemario no que se fai patente a reivindicación da memoria e unha xa constante postura de denuncia.

Só dous poemarios, dous en galego e outro en castelán, os que quedan deste autor. Quizais o rumbo desacougante da súa vida motivase esta precariedade. Pero, malia a exigüidade, é a obra dun autor que por riba de todo non renunciou a pór de manifesto as inquietanzas sociais e patrióticas dos exiliados galegos. E a edición de Marga Romero, sen dúbida, contribúe a esta relevancia.

ROMERO, Marga, Lorenzo Varela, Ed. A Nosa Terra, Vigo, 2005, 63 páxinas